

## CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2013/2014 TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES

(Aprobado polo Consello de Goberno do 23 de abril de 2013)

### 1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 2 de setembro de 2013 ao 31 de xullo de 2014, organizado en dous subperíodos académicos. Excepcionalmente poderán realizarse actividades fóra deste período no caso de prácticas en empresas ou para avaliación de Traballos de Fin de Grao ou Mestrado. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

### 2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

As actividades académicas docentes comprenden:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 9 de setembro de 2013 ao 20 de decembro de 2013

**Segundo cuadrimestre:** desde o 28 de xaneiro de 2014 ao 16 de maio de 2014

Nas titulacións de mestrado a data de inicio da actividade académica será determinada en cada caso dependendo da matrícula e do cumprimento das condicións de impartición do Decreto 222/2011, do 2 de decembro da Xunta de Galicia. Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 24 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde.

### 3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

	<b>Datas de avaliación</b>	<b>Data límite de sinatura e entrega de actas</b>
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	do 8 ao 24 de xaneiro de 2014	7 de febreiro de 2014  21 de febreiro de 2014 para as actas do TFG e TFM
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 19 de maio ao 6 de xuño de 2014	17 de xuño de 2014  4 de xullo de 2014 para as actas do TFG e TFM
<b>2ª oportunidade</b>	Do 1 ao 18 xullo de 2014 (*)	28 de xullo de 2014  23 de setembro de 2014 para as actas do TFG e TFM

(\*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre. As clases suspenderanse durante o período de avaliación.

O alumnado que superase cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do título e llo permita o seu plan de estudos, poderá realizar a **matrícula do traballo de fin de grao** (TFG) no período ordinario de matrícula e poderá optar por defender o dito traballo, nunha primeira oportunidade, que corresponderá coas datas de avaliación do primeiro ou do segundo cuadrimestre ou, de ser o caso, nunha segunda oportunidade que corresponderá sempre coa data de avaliación do mes de xullo ou setembro. Para a súa **defensa e cualificación** é necesario que o estudante teña superado o resto dos créditos do título.

A estas opcións tamén se poden acoller os alumnos do Traballo Fin de Mestrado (TFM) sempre que non exista impedimento no correspondente plan de estudos.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 21 de decembro de 2013 ata o día 7 de xaneiro de 2014 (ambos os dous incluídos); os días 3 e 4 de marzo de 2014 e desde o día 12 ao día 21 de abril de 2014 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 27 de xaneiro de 2014 por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o seguinte.